

NOTA INFORMATIVA

CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DOS POSTOS SITUADOS NO MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO (PRI 25/2022)

En caso de discrepancia entre esta nota informativa e o prego aplicable a esta licitación, non salvable por unha interpretación sistemática dos mesmos, prevalecerá o establecido no "Prego de condicións económico-administrativo que rexe as condicións administrativas dos postos situados no Mercado Municipal de Carballo" (PRI 25/2022), citado no parágrafo primeiro, salvo que se deduza que se trata dun evidente erro material ou aritmético.

Esta información publícase aos efectos de facilitar a presentación de documentación, en formato papel, ás **PERSOAS FÍSICAS** que queiran licitar ao contrato de CONCESIÓN ADMINISTRATIVA DOS POSTOS SITUADOS NO MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO (PRI 25/2022), por procedemento aberto, concurso.

O "Prego de Condicións Económico-Administrativas que rexen as condicións administrativas dos postos situados no Mercado Municipal de Carballo" con núm. de expediente PRI 25/2022, foi aprobado pola Xunta de Goberno Local en sesión ordinaria o 01/08/2022 e publicado no Perfil de Contratación do Concello de Carballo, integrado na Plataforma de Contratación do Sector Público o 09/08/2022, no seguinte enlace:

https://contrataciondelestado.es/wps/poc?uri=deeplink%3Adetalle_licitacion&idEvl=n0QI8XI%2FdOkBPRBxZ4nJ%2Fg%3D%3D

O prazo de presentación de ofertas remata o **24 de agosto de 2022.**

Lugar de presentación de ofertas (cláusula 13.1 do prego):

As proposicións para tomar parte na licitación presentaranse, no caso de persoas físicas, ben de forma electrónica, a través da plataforma de contratación do sector público <https://contrataciondelestado.es> e con arreglo aos requisitos técnicos establecidos na citada plataforma, ou ben en formato papel, nun sobre pechado, no Rexistro Xeral do Concello de Carballo, en horario de 09:00 a 13:30 horas, de luns a venres.

Este sobre, denominado **"OFERTA PARA TOMAR PARTE NO CONCURSO PARA A EXPLOTACIÓN DUN POSTO DE VENDA E OU ALMACÉN NO MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO"** (PRI 25/2022) conterá, segundo indica a cláusula 13.2 do prego, **tres (3) sobres pechados (Sobre A, Sobre B e Sobre C)** e deberá indicar o nome do licitador, domicilio e/ou correo electrónico a efectos de notificacións e teléfono.

No suposto de que as proposicións se envíen por correo, o licitador deberá xustificar, co resguardo correspondiente, a data de imposición do envío na Oficina de Correos, e anunciar ao órgano de contratación a chegada da oferta mediante Télex, Fax, correo ou Telegrama no mesmo día. Sen a concurrencia de ámbolos dous requisitos non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data da terminación do prazo sinalado no anuncio (art. 100 RGLCAP). Transcurridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á data indicada sen ser recibida a proposición, ésta non será admitida en ningún caso.

Os envíos das proposicións as que se refire o apartado anterior deberán achegarse mediante correo urgente, co fin de non dilatar o acto de apertura de plicas e a adxudicación do contrato.

DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR POLAS **PERSOAS FÍSICAS** QUE LICITEN A UN POSTO NO MERCADO MUNICIPAL DE CARBALLO:

SOBRE A, subtítulo:

"Documentación administrativa xeral" para tomar parte no concurso para a explotación dun posto de venda e/ou almacén no Mercado municipal de Carballo (A Coruña) (PRI 25/2022) presentada por (indicar nome do licitador, domicilio, correo electrónico a efectos de notificacións e teléfono):

Deberá conter a documentación establecida na cláusula 13.3 do PCAP.

1) ANEXO IV: Declaración responsable para PERSOAS FÍSICAS (cláusula 13.3 apartado 1 do prego) e Anexo III "Modelo autorización para a cesión de información relativa a obrigas tributarias e da Seguridade Social co Estado en procedimentos de contratación" e Anexo V "Modelo de Autorización para a cesión de información relativa a deberes tributarios e da Seguridade Social co Estado en procedimentos de contratación".

2) ANEXO VI: Compromiso de utilización dos postos ao uso previsto no anexo I do prego (cláusula 13.3 apartado 2 do prego)

3) SOLVENCIA TÉCNICA: (cláusula 13.3 apartado 3 do prego)

Os licitadores que presenten as súas ofertas a postos de venda no Mercado municipal de Carballo, dedicados á venda de carne, pescado e pan, deberán acreditar a súa solvencia por calquera dos seguintes medios:

- Experiencia mínima de un ano na actividade comercial idéntica á do posto de venda ao que se licita. Acreditarase coa declaración do empresario ou empleador, copia do contrato de traballo e informe de vida laboral. Para o caso de autónomos (traballadores por conta propia) acreditarase coa certificación da AEAT da alta, epígrafe, descripción do mesmo e períodos de exercicio na actividade comercial de que se trate e informe de vida laboral.
- Formación reglada ou cursos impartidos por organismos oficiais ou homologados, directamente relacionados coa actividade comercial do posto de venda ao que se licita. Acreditarase con copia compulsada dos documentos acreditativos da formación recibida.

Ten carácter voluntario para os licitadores a presentación dentro do sobre A) a documentación esixida na cláusula 13.3 letra H e letra I do prego.

A presentación dos documentos aos que se refiren os apartados H e I terán carácter voluntario, sendo obrigatoria a súa presentación **únicamente para aqueles licitadores que vaian resultar adxudicatarios**. A presentación destes documentos realizarase no prazo máximo de dez (10) días hábiles desde o momento no que se comunique a proposta de adxudicación.

SOBRE B, subtítulo:

"Criterios de valoración subxectiva" para tomar parte no concurso para a explotación dun posto de venda e/ou almacén no Mercado municipal de Carballo (A Coruña) (PRI 25/2022) presentada por (indicar nome do licitador, domicilio, correo electrónico a efectos de notificacións e teléfono):

Deberá conter a documentación establecida na cláusula 13.4 do prego. Conterá o **PROXECTO DE EXPLOTACIÓN** da actividade comercial **para cada un dos postos aos que que licita.**

SOBRE C, subtítulo:

"Criterios de valoración obxectiva" para tomar parte no concurso para a explotación dun posto de venda e/ou almacén no Mercado municipal de Carballo (A Coruña) (PRI 25/2022), POSTO/S n.º e/ou almacén n.º (indicarase o posto ou postos e o almacén, de ser o caso, aos que licita de conformidade co previsto no anexo I do prego) presentada por (indicar nome do licitador, domicilio, correo electrónico a efectos de notificacións e teléfono):

Deberá conter a documentación establecida na cláusula 13.4 do prego:

C.1.-Proposición económica e orde de preferencia, no caso de optar a varios postos dentro da mesma zona:

Axustarase estrictamente ao modelo **ANEXO VII** do prego.

C.2.- Proposición económica, no caso de optar a un almacén (cámara de frío) vinculado á concesión dun puesto de carnicería.

Axustarase estrictamente ao modelo **ANEXO VIII** do prego.

C.3.- Proposición económica, no caso de optar a un almacén vinculado á concesión dun posto que NON sexa de carnicería, ou vinculado a un local arrendado en el edificio do mercado.

Axustarase estrictamente ao modelo **ANEXO IX** do prego.

Segundo consta na cláusula 13.5 do prego, o licitador poderá realizar oferta a un **máximo 3 postos.**